

Convocatoria de Selección

8 prazas de mobilidade VET (Erasmus+)

Dirixido a: Alumnado de Ciclos Formativos (FCT) y recién graduados.

1. Obxecto da convocatoria

Convócanse **8 prazas para a realización de períodos de prácticas** en empresas da Unión Europea. O obxectivo é mellorar a empregabilidade, competencia lingüística e o desenvolvemento persoal dos participantes.

2. Requisitos de los Candidatos

- Estar matriculado no último curso dun Ciclo Formativo de Grao Básico ou Medio.
- No caso de recién graduados, ter finalizado o seus estudos no último ano académico.
- Non ter superado o tempo máximo de mobilidade permitido polo programa no mesmo ciclo educativo.

3. Baremo de Puntuación (Máximo 10 puntos)

Prioridade: actitude, inclusión e a idoneidade persoal.

Criterio	Puntuación Máxima	Detalle
Expediente Académico	1 punto	Nota media do ciclo actual.
Competencia Lingüística	1 punto	Nivel certificado ou proba de nivel interna. A1 (0,25 puntos), A2 (0,5 puntos), B1 (0,75 puntos), B2 ou superiores (1 punto)
Factores de Inclusión	2 puntos	Situacións socioeconómicas ou persoais especiais (<i>ver punto 4 da convocatoria</i>)
Actitude e Asistencia	3 puntos	Informe do equipo docente, compromiso, madurez, motivación, capacidade de adaptación...
Entrevista Persoal	3 puntos	Realizada e valorada polo Comité de Avaliación de Mobilidades.
TOTAL	10 puntos	

4. Criterios de Inclusión Social

Considéranse **Causas de Inclusión Directa** (puntuación máxima no apartado de inclusión) as seguintes situacións debidamente acreditadas:

1. Beneficiarios de bolsas de estudos de carácter xeral no curso actual.
2. Discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.

3. Pertenza a familia numerosa ou monoparental.
4. Vítimas de terrorismo ou violencia de xénero.
5. Situación de acollemento ou risco de exclusión social (certificado por servicios sociais).

5. Causas de exclusión directa

O/A participante quedará excluído/a do proceso de selección se concorre en calquera dos seguintes puntos:

- **Sancións disciplinarias:** ter sido sancionado por conductas contrarias ás normas de convivencia do centro (faltas graves e/ou moi graves)
- **O equipo Erasmus** poderá excluír ós/ás seleccionados/as da mobilidade por falta de responsabilidade e a non asistencia ás actividades propostas: reunións, seguimentos, clases de idiomas...

6. Criterios de Desempate

En caso de empate na puntuación final, aplicarase a seguinte orde de prioridade:

1. Maior puntuación no apartado de **Inclusión Social**.
2. Maior puntuación na **Entrevista Persoal**.
3. Maior puntuación en **Actitude e Asistencia**.
4. Sorteo público se persiste o empate.

7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes de mobilidade (**ANEXO I**) será dende o día **21 de maio ao 27 de maio de 2026, ambos incluídos**.

A presentación da documentación farase **por rexistro na secretaría do centro, en horario de 09.30 a 13.30 horas**.

En Vilalonga, a 20 de maio de 2026

Asdo.: Eva María Rodríguez Caeiro
Coordinadora Erasmus+